

O MUNDO LITERAL

Aquela mañá espertei como un día calquera, malia que aquel non o era, xa que ía comezar a secundaria no instituto da miña vila.

Vestínme, aseeime, almorcei e marchei ao meu novo centro. Tan pronto entrei no edificio vin un enorme cartel de perigo que advertía: *Coidado coas palabras. Risco de Literalidade.*

Non entendía nada do que significaba aquel estraño sinal ata que a miña amiga Carme, á que levaba todo o verán sen ver, se achegou a min e me dixo:

-Caramba, Mar! Medraches moito nestes meses. Estás alta coma un pino!

De súpeto, comecei a estirar e estirar ata que dei coa cabeza contra o teito do edificio.

Logo do pequeno incidente despedínme da miña amiga ás presas e entrei na clase.

Dentro agardábanos a titora para explicarnos moreas de cousas e darnos un montón de consellos. Cando rematou a clase, despediuse de nós dicindo:

-Recordade que é moi importante que vos poñades as pilas xa mesmo!- E automaticamente todos sacamos un par de pilas e inserímolas na pel.

Na seguinte clase non sucedeu nada interesante, pero a terceira hora volveron a suceder feitos estraños. Había un rapaz moi despistado na clase e cando a profesora se deu conta, berroulle:

-Atende á clase! Estás todo o tempo nas nubes!- Acto seguido, fixámonos en que o rapaz estaba subido nunha nube e seguía a clase dende o ceo.

A mestra pediunos que fixeramos unha choiva de ideas e de súpeto comezaron a caer chuzos de punta en forma de bombillas relucentes.

-Con tanta distracción fóiseme a cabeza, -engadiu ela, ao tempo que do seu tronco comezou a rodar unha bóla con ollos e pelo.

A cabeza da mestra saíu con tranquilidade da aula, o que provocou os nosos risos.

-Así non hai maneira de explicar nada, -reprendeunos ela. Tedes a cabeza chea de paxaros.

Ao instante ducias de aves comezaron a voar dun lado ao outro da clase, mentres Mercedes, que así era como se chamaba a profe de galego, trataba de reconducir a situación.

-Vamos a comezar a traballar co dicionario, -dixo mentres abría o bolso e sacaba un libro voluminoso de dentro.

-Isto pesa unha tonelada, -balbuciu, e ao instante caeu sepultada baixo o peso das miles de palabras que había dentro do libro.

Consternados por perder a profe de galego daquela trágica maneira, saímos da clase.

-Teño un nó na gorxa e case non podo falar, -comentoume Lucía, ao tempo que do seu pescozo colgaba unha rechamante garabata.

-Dimo a mín, -respondílle. -Con todo o que pasou, teño mil cousas na cabeza.

Ao instante notei como de entre o pelo comezaban a saír todo tipo de obxectos das máis variopintas formas e texturas.

Entón decidín saír correndo do instituto, deixando atrás aquel sinistro cartel que nos advertía sobre as palabras. Aprendín que hai que ter coidado con elas porque son capaces de construír realidades ao seu antollo. As palabras que dicimos teñen consecuencias e ás veces caen sobre os demais coma pedras.

Pd: Síntoo moito se ao ler o final deste conto acabastes sepultados baixo un alude de rochas.